

IX CARREIRA POPULAR TORRE DE HÉRCULES - TROFEO J.A. VARELA CALVIÑO I CARREIRA SOLIDARIA #QUERÉMONOSVIVAS

E MARCHA SOLIDARIA

23 DE MARZO DE 2019

Presentación

O Concello da Coruña e a Fundación EMALCSA colaboran na organización da **IX CARREIRA POPULAR TORRE DE HÉRCULES “Trofeo José Antonio Varela Calviño”**, dentro do circuíto de Carreiras Populares Coruña Corre 2018/2019, onde se integra nesta a **I CARREIRA SOLIDARIA #QUERÉMONOSVIVAS**, coa finalidade común de:

- Promover a participación da cidadanía nas carreiras pedestres.
- Pór en práctica a través desta carreira as políticas públicas de respecto pola igualdade de xénero en todos os ámbitos e, neste caso concreto, no ámbito deportivo.
- Manifestar que a igualdade e a loita contra a violencia de xénero é algo de todas e todos, facendo unha carreira onde poidan participar mulleres, homes, nenas e nenos.
- Contribuír á loita contra o cancro a través de doazóns voluntarias que se destinarán á investigación contra esta enfermidade. Toda a información relativa a causa solidaria, publicarase nas páxinas web www.coruna.gal/deportes e www.coruna.gal/carreiraspopulares.

Ao mesmo tempo, as persoas participantes que non desexen competir poderán facer unha marcha saíndo no último caixón da carreira e por un percorrido máis curto. Estas persoas levarán un dorsal solidario nunha cor distinta.

Todas as doazóns irán parar directamente á Fundación Emalcsa e estarán destinadas á investigación contra o cancro. A Fundación será a responsable de emitir un certificado nominal da doazón realizada para os efectos fiscais. É imprescindible que as persoas

participantes lle autoricen a cesión de datos á Fundación Emalcsa na plataforma web de inscrición no mesmo momento de realizar o donativo, respondendo a consulta de autorización que figurará no formulario de inscrición.

As normas relativas á carreira e á marcha son obxecto deste regulamento específico.

REGULAMENTO ESPECÍFICO IX CARREIRA POPULAR TORRE DE HÉRCULES - I CARREIRA SOLIDARIA #QUERÉMONOS VIVAS

Artigo 1. Data de celebración

23 de marzo

Artigo 2. Inscricións e cotas

Data límite e cota de inscrición na carreira

A data límite será ata as 23:59 horas do **luns 18 de marzo de 2019**.

As inscricións faranse en liña nas páxinas www.coruna.gal/carreiraspopulares ou www.championchipnorte.com.

A **cota de inscrición** para participar na carreira será de 2€, coa excepción das persoas desempregadas, maiores de 65 anos e beneficiarias do Carné Xove, que será de 1€.

As persoas participantes de todas as categorías deberán inscribirse nesta carreira, independentemente de que figuren coma participantes no circuíto, e recoller un novo dorsal e chip; exceptúanse as persoas propietarias, a quen soamente se lles entregará un novo dorsal para esta carreira, e mais a categoría prebenxamín, que non utiliza chip.

Data límite e cota de inscrición no circuíto

O prazo para facer inscrición individual, equipos e familia, terminará o día en que finalice o prazo de inscrición para a **cuarta carreira do circuíto** (IX Carreira Popular Torre de Hércules).

A **cota de inscrición** para participar no circuíto será de 10€. A cota para persoas desempregadas, maiores de 65 e posuidoras do Carné Xove é de 7€.

Achega solidaria

Todas as persoas (incluídas as participantes menores) que fagan una doazón das cantidades establecidas na plataforma: **3€**, **5€** ou **superior a 5€**, teñen ademais o dereito a recibiren unha camiseta xunto co dorsal.

Artigo 3. Horarios de saída e distancia

CATEGORÍA	ANO DE NACEMENTO	HORA	DISTANCIA
PREBENXAMÍN*	nadas/os no ano 2012, 2013 e 2014	17:15	150 m aprox.
SUB 10 FEMININO*	nadas/os no ano 2010 e 2011	17:30	800 m aprox.
SUB 10 MASCULINO*		17:40	800 m aprox.
SUB 12 FEMININO*	nadas/os no ano 2008 e 2009	17:55	800 m aprox.
SUB 12 MASCULINO*		18:10	800 m aprox.
SUB 14 FEMENINO	nadas/os no ano 2006 e 2007	18:25	1.600 m aprox.
SUB 14 MASCULINO		18:40	1.600 m aprox.
SUB 16	nadas/os no ano 2004 e 2005	19.00	2.300 m aprox.
SUB 18	nadas/os no ano 2002 e 2003	19.20	2.300 m aprox.
ABSOLUTA		21.15	6.590 m aprox.

**Horarios orientativos en función da participación.*

Artigo 4. Lugar e recollida de dorsais

O dorsais recolleranse na aula habilitada para o efecto da Cidade Deportiva da Torre os días:

- Venres 22 de marzo, de 17:00 a 21:30 horas
- Sábado 23 de marzo, desde as 10.00 horas ata unha hora antes do comezo de cada unha das carreiras.

As persoas participantes na carreira que colaboren doando e pagando un dorsal solidario recibirán xunto co seu dorsal unha camiseta para participar na proba.

Todas/os as/os atletas deberán inscribirse nesta carreira, independentemente de que figuren coma participantes no circuío, e recoller un novo dorsal e chip; exceptúanse as persoas propietarias, a quen soamente se lles entregará un novo dorsal para esta carreira.

Artigo 5. Lugar de saída e meta

- Saída: Paseo dos Menhires (zona da estatua a Breogán)
- Meta: Torre de Hércules

Artigo 6. Peche de control da carreira absoluta

Ás 22:15 horas

Artigo 7. Servizo de duchas

Na Cidade Deportiva da Torre. O servizo de duchas será só para as persoas participantes na categoría absoluta e estará dispoñible a partir das 21:30 h.

Artigo 8. Servizo de gardarroupa

No frontón da Cidade Deportiva da Torre, en horario de 19:30 a 22.30 h

Artigo 9. Uso e devolución do chip

- a) O chip ha de ir correctamente atado nos cordóns dos tenis ou cunha nocelleira á altura do nocello, ou pegado ao dorsal segundo o tipo de chip que utilice a persoa corredora. Chip amarelo das/os propietarias/os (non se devolve).
- b) Chip para todo o circuío (non se devolve ata a finalización deste).
- c) Chip desbotable pegado ao dorsal, de uso exclusivo para cada unha das carreiras (non se devolve).

Artigo 10. Avituallamento de meta

Proporcionaráselles auga e avituallamento sólido a todas as persoas participantes en cada unha das categorías no punto de avituallamento que estará situado nun lugar visible despois da meta.

Artigo 11. Colocación pública das clasificacións

Anunciaranse por megafonía a localización e o momento no que as clasificacións de cada carreira estean colocadas ao público.

As clasificacións do circuíto e os seus premios serán para aquelas persoas que se anotaron no circuíto ata a celebración da IX Carreira Popular Torre de Hércules. Quen participe en todas as carreiras, pero que se inscribiu individualmente en cada unha delas, non formará parte da clasificación do circuíto.

Artigo 12. Horario e lugar da entrega de premios

Horario

CATEGORÍAS INFERIORES: Ás 19.40 horas (categorías sub-10, sub-12, sub-14, sub-16 e sub-18)

CARREIRA ABSOLUTA: Ás 22.30 horas.

Entregaráselles o Trofeo Varela Calviño ás persoas vencedoras absolutas, ao primeiro home e á primeira muller da carreira absoluta.

TROFEO ESPECIAL I CARREIRA SOLIDARIA #QUERÉMONOSVIVAS

Entregaráselle no mesmo día un trofeo especial ás mulleres que participen na carreira. O premio será para a primeira, segunda e terceira clasificada de cada unha das categorías, excepto da categoría prebenxamín.

Non se inclúe neste caso a participación na marcha.

Lugar

Cidade Deportiva da Torre (Informarase da localización do palco segundo á climatoloxía.) Os e as atletas premiadas deberán situarse na zona próxima á entrega de premios no momento en que por megafonía se anuncie o inicio desta, así como estar pendentes do momento en que se chame a cada unha das categorías.

Exclusivamente poderán subir ao podio os e as atletas premiadas.

Con carácter xeral, as e os atletas que non se presenten á recollida do seu premio no momento da entrega perderán o dereito a recollelo.

Aquelas persoas que poidan alegar unha causa xustificada pola súa ausencia no momento da entrega deberán poñerse en contacto co Servizo Municipal de Deportes, onde se custodiarán os trofeos non recolleitos durante un prazo máximo de 15 días.

REGULAMENTO PARA A I MARCHA SOLIDARIA #QUERÉMONOSVIVAS 23 DE MARZO DE 2019

Aquelas persoas que non desexen competir na carreira poderán participar na marcha solidaria saíndo do último caixón de saída da carreira, sempre que teñan un dorsal solidario.

Con esa opción, a persoa poderá doar unha das cantidades establecidas na plataforma: 3€, 5€ ou doazón de libre vontade (superior a 5€).

Todas as doazóns irán parar directamente á Fundación EMALCSA e serán destinadas integramente á investigación contra o cancro.

A participación co dorsal solidario dará dereito, ademais, a recibir unha camiseta xunto co dorsal.

Artigo 1. Inscripcións

A data límite será ata as 23:59 horas do luns 18 de marzo de 2019.

As inscricións faranse en liña nas páxinas web www.coruna.gal/carreiraspopulares ou www.championchipnorte.com.

Artigo 2. Participantes

Poderán participar na marcha todas aquelas persoas que o desexaren, sempre e cando estean correctamente inscritas no tempo e forma. ***Pedimos responsabilidade na participación na marcha e que non se inscriba menores ou persoas que non sexan capaces de camiñar os 4 quilómetros que están previstos.***

A inscrición das persoas menores de idade deberá realizarse cumprindo as normas que figuran na plataforma *online*, onde figurará expresamente a autorización para participar na marcha da titora ou titor que a formalice, así como para saír en calquera das reportaxes fotográficas ou de vídeo que utilice a organización para divulgar a carreira e a marcha.

Artigo 3. Horarios de saída e distancia

A saída producirase a continuación da carreira da categoría absoluta ás 21.15 horas e as persoas participantes colocaranse no último caixón.

O percorrido da marcha será duns 4.000 metros aproximadamente.

A organización resérvase o dereito de que, no momento de realización da marcha, se acurte a distancia para lograr que a marcha chegue á meta xunto aos últimas persoas participantes da carreira da categoría absoluta.

Artigo 4. Lugar de recollida de dorsais

O dorsais recolleranse na Cidade Deportiva da Torre os días:

- Venres 22 de marzo, de 17:00 a 21:30 horas
- Sábado 23 de marzo, desde as 10.00 horas ata unha hora antes do comezo de cada unha das carreiras.

Xunto cos dorsais entregaráselle unha camiseta a cada unha das persoas participantes.

Artigo 5. Lugar de saída e meta

Paseo dos Menhires

Artigo 6. Peche de control da marcha

Ás 22:25 horas

Artigo 7. Servizo de gardarroupa

No frontón da Cidade Deportiva da Torre, en horario de 20:00 a 22.30 h

Artigo 8. Avituallamento de meta

Proporcionaráselles auga as persoas participantes estará situado nun lugar visible despois da meta.

Artigo 9. Responsabilidade

A participación no evento está baixo a responsabilidade e risco de cada unha das persoas participantes.

Quen participe manifesta, no momento da inscrición, que se encontra en plenas facultades físicas e mentais para participar na marcha, así como que non padece ningún tipo de enfermidade que a/o incapacite para a práctica deportiva .

Coa inscrición exímese á organización de calquera dano sufrido durante os adestramentos previos ou durante a realización da marcha.

A organización non se fai responsable dos danos materiais ou morais que se lle poidan ocasionar ás persoas participantes na proba, nin tampouco das posibles negligencias ou imprudencias que poidan cometer as persoas participantes na marcha.

MEDIOS DE CONTACTO

Servizo Municipal de Deportes (Pazo dos Deportes de Riazor, 1.ª planta), de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas

Por correo electrónico no enderezo carreraspopulares@coruna.es

Teléfonos de información: 981 18 98 00 (Ext. 25025 - 25038)

Web: www.coruna.gal/carreiraspopulares